











# PDI: A AUGA NA CONTORNA DA EUROCIDADE TUI-VALENÇA, UN TESOURO POR DESCUBRIR EN GALEGO









**1.- TÍTULO DO PROXECTO**: *A AUGA NA CONTORNA DA EUROCIDADE TUI-VALENÇA, UN TESOURO POR DESCUBRIR* EN GALEGO

**RESUMO:**



Pretendemos, a través dun PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI) RELACIONADO coa AUGA e o seu patrimonio etnográfico, DESCUBRIR, VISIBILIZAR a LINGUA GALEGA como LINGUA CIENTÍFICA, POÉTICA, LITERARIA,.... e, sempre coa implicación de familias, alumnado y ciudadanía. Descubriremos as propiedades e estados da auga, onde e como podemos atopar auga na zona municipal e cal é a súa utilidade na vida dos seres humanos do presente pero ademáis o seu papel no pasado cun enfoque etnográfico, globalizador: muiños, ríos, regatos, fontes, lavadoiros,… sen esquecernos de profesións relacionadas con este elemento como regadores-as, muiñeiros, pescadores, lavandeiras,… co que estaremos dando un enfoque de corresponsabilidade. Pero amáis, localizaremos a auga en mostras pictóricas, escultóricas, en danzas, etc. por último deseñaremos estratexias para un consumo responsable da auga a través de folletos divulgativos aberto á cidadanía. Como aportación e motivación extra teremos a colaboración do CEIP DE SERÁNS (PORTO DO SON) E ESCOLAS AGRUPADAS MURALHAS DO MINHO, VALENÇA-PORTUGAL.
O grupo de profesoras que figuran como participantes no proxecto ao ser moitas delas docentes itinerantes desenvolverán o proxecto entre todo o alumnado do centro.

**2.- CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

O noso centro escolar, Colexio Rural Agrupado (CRA) “Mestra Clara Torres” está situado no Concello de Tui (Pontevedra).

COLEXIO RURAL AGRUPADO DE TUI “MESTRA CLARA TORRES”
COLEXIO PÚBLICO
DIRECCIÓN: AVDA. CONCORDIA S/N
LOCALIDADE: TUI
CP: 36700
10 AULAS DISPERSAS POR 9 PARROQUIAS DO CONCELLO
116 ALUMNAS E ALUMNOS
ALUMNADO INMIGRANTE DE MARROCOS, VENEZUELA, R. DOMINICANA
ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:T.X.D, SÍNDROME DELECIÓN, TDHA
PROVINCIA: PONTEVEDRA
TELÉFONO E FAX: 986604436, 619047372

E-MAIL: cra.mestra.clara@edu.xunta.es

Este centro conformouse como tal no curso escolar 1999-2000 e resultou da agrupación de nove escolas unitarias. Como característica diferenciadora con respecto a colexios comarcais ou CEIP de zonas rurais podemos sinalar que as aulas do noso CRA están dispersas xeograficamente polas diferentes parroquias do concello de Tui. O noso centro escolariza alumnado de Educación Infantil. Debido a esta dispersión xeográfica a itinerancia do profesorado é un sinal de identidade que marca o noso labor educativo tanto a nivel administrativo como pedagóxico. Os CRA tratan de superar o illamento das escolas unitarias para optimizar e dinamizar os recursos materiais, personais e comunitarios a través dunha comunicación efectiva e ademais goza de plena capacidade académica, administrativa e de xestión. O noso obxectivo ó constituirnos como CRA foi elevar a calidade da ensino das comunidades rurais así como contribuir á revitalización socio-económica e cultural das mesmas a través da elaboración e aplicación coordinada de proxectos educativos que permitan a integración das aprendizaxes nos contornos respectivos.

En cada aula existe unha biblioteca ademais da existente na Sede Administrativa como biblioteca central. Cada aula ten fondos documentais fixos e itinerantes que cambian cada mes. Cada aula tamén posúe un EDI. Este centro conta tamén con ordenadores portátis subministrados pola Consellería de Educación e que son utilizados polo alumnado e as profesoras, profesores e familias fóra do horario escolar en actividades extraescolares dentro do proxecto TIC e do Plan Mellora de Bibliotecas e sempre tentando realizar unha alfabetización creativa das TIC.

- COORDINADORA : FÁTIMA VICENTE ÁLVAREZ

## 2.1 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO



***Tui,***
***unarrolo de lúa,de auga.***
***Tui,***
***alborecerprimixenio.***
***Tui,***
***tececamiños de luz***
***como cobertores protectores***
***agochando a tristura do incerto,***
***forxando un latexo compartido.***
***Tui***
***chuviana alma,***
***luces,Incienso,***
***cánticos,sombras,***
***estrelas que nos guían.***
***Diálogos de badaladasegrexias,***
***sons,***
***laios, festas,…***
***Pedra***




***sobrepedra.***
***Sentimento***
***sobresentimento.***
***Emoción***
***sobre emoción.***
***Ilusión sobre ilusión.***
***Pingas de chuvia***
***Que xogan de vagar.***
***Pingueiras que esvaran***
***que van, que veñen,***
***queregan, que empapan,…***
***Que ripan as fronteiras,***
***quexunguen para sempre,***
***derrubando as murallas***
***dunha travesía compartida.***



***(T. Domínguez)***



Este proxecto xurde pola necesidade de facer visible que o galego é unha lingua de prestixio e coas mesmas posibilidades que o inglés ou castelán para comunicarse e expresarse pois se detecta unha disminución no uso entre o profesorado e o alumnado. Polas enquisas que se pasan ás familias a principio de curso se descubre que neste curso só empregan as dúas linguas oficiais un 5% e esta situación lingüística do centro fai que URXA unha INTERVENCIÓN EDUCATIVA URXENTE.
Tamén cremos que esta intervención debe estar integrada no currículo e na propia dinámica do centro para que sexa un proxecto vivo, dinámico, contextual e non algo engadido e puntual e, por ese motivo, dinamizaremos O USO DO GALEGO, A VISIBILIZACIÓN DO GALEGO a partir do PDI que o centro xa ten deseñado **(https://sites.google.com/site/aaugaentui/home)**

XUNTO coa situación anterior atopamos que existe o un gran descoñecemento da riqueza do patrimonio cultural e natural por parte das familias e, por ende, do alumnado, e do profesorado por non ser residentes na zona.
Xunguindo e enxergando as 2 situacións faremos un remexido MOI GALEGO que tamén ten a intención de abrir as portas cara a EUROCIDADE de VALENÇA APORTÁNDOLLES OS RECURSOS ELABORADOS DO CENTRO para que sexan empregados nas escolas que conforman O AGRUPAMENTO MURALHAS DO MINHO pois compartimos o RÍO MIÑO ao longo de 11 kms.
Ademais pretendemos buscar novas estratexias e canles que fagan moi visible o uso do galego dende recursos ETNOGRÁFICOS E NATURAIS E DE AUGA coo CEIP DE REBORDÁNS co que compartimos o RÍO SAN SIMÓN, O RÍO DEIQUE, parque natural do monte ALOIA, Muiños do Deique, co CEIP DE SERÁNS (PORTO DO SON ) que nos ofrecerá a uaga noutra dimensión, O MAR, e a fala en galego do seu alumnado e coas Escolas MURALHAS DO MINHO un idioma similar ao noso e un río, O MIÑO, que nos xungue.

Os paradigmas pedagóxicos empregados serán **aprendizaxe situado**, **modelos de ensinanza sociais e persoais** e os **enfoques constructivistas, cognitivos e contextuais**. Pretendemos o desenvolvemento de capacidades cognitivas como coñecer, comprender, aplicar, analizar, sintetizar,… así como modelos de pensamento creativo, crítico, analóxico, deliberativo, analítico, lóxico, reflexivo, sistémico, práctico.



O Proxecto : "***A AUGA NA CONTORNA DA EUROCIDADE TUI-VALENÇA, UN TESOURO POR DESCUBRIREN GALEGO"(https://sites.google.com/site/aaugaentui/home)***pretende que a través do patrimonio etnográfico de muiños, lavadoiros, fontes, cancións e coplas, poesías e textos literarios en prosa, manifestacións pictóricas, obras musicais,... o noso alumnado, o profesorado, as familias e a cidadanía **FALE GALEGO, USE A LINGUA GALEGA , RESPECTEA contorna natural** contitúen o eixo vertebrador para favorecer o coñecemento e respecto polo patrimonio cultural e artístico pasado e presente como proceso de andamiaxe dun futuro compartido e diverso. A posta en práctica resulta ser un instrumento eficaz para a **vivenciación de valores** como a paz, tolerancia, respecto, paz,… Descubrir a os recursos naturais relacionados coa auga **TUI e de VALENÇA** serán un recurso pedagóxico eficaz dado o carácter lúdico da etapa de EDUCACIÓN INFANTIL. Terán igualmente un valor evidente como elemento motivador e estimulador da aprendizaxe do alumnado, das familias e da cidadanía pois a escola non pode vivir pechada ao medio no que se desenvolve (aprendizaxe situado,*"situatedlearning,* Lave y Wenger, 1991)
A **travesía compartida** que estamos iniciando entre dúas cidades, dúas comunidades fronteirizas revelarán unha forte conexión de vivencias, de historias de vida, onde á reprodución de modelos sociais se asocia unha enorme creatividade dentro e fóra da casa. As tradicións en tanto que manifestacións culturais constitúen un auténtico laboratorio de aprendizaxes e relacións sociais. Os xogos, a tradición oral, as cantigas,…son o espello dunha sociedade, construcións simbólicas nas que os actores organizan un espazo de inventiva e de liberdade.
Un dos obxectivos que nos propoñemos é un **bricolaxe de préstamos** culturais LINGüÍSTICOS, ETNOGRÁFICOS, CULTURAIS,…que faremos nosos, dos que nos apropiaremos, dos que disfrutaremos, dos que aprenderemos…

**2.2 -IDENTIFICACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGüÍSTICA DO CENTRO : SITUACIÓN DO PROFESORADO**

A totalidade do profesorado (20) emprega o castelán maioritariamente nas súas relacións interpersonais, un 90%. A hora de impartir clase, o profesorado emprega o o castelán pois é a lingua vehicular do 95% do alumnado e, por este motivo, o galego é unha lingua moi secundaria.

▪ **SITUACIÓN DO ALUMNADO**

O alumnado na súa maioría (95%) é castelán falante e non emprega o galego como lingua vehicular aínda que sí o comprende.

▪ **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

Os DOCUMENTOS REFERENCIAIS do proxecto serán o PE, PXA, PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR, Plan Lector e o Plan Lingüístico do centro do que emanan as seguintes propostas:

►Achegamento o emprego oral e escrito da lingua galega dentro e fóra das aulas.

►Reforzo da dimensión comunicativa do galego no contorno escolar e municipal.

►Achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado e familias emigrantes.

►Colaboración con institucións e entidades culturais para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.

►Relación da lingua galega coas TIC.

Este Proxecto pretender ser un dos elementos de mellora da calidade educativa do centro e tentará facer do uso do GALEGO unha realidade NORMALIZADA PAR DARLLE A VOLTA á realidade sociolingüística do alumnado, profesorado e das familias dende unha metodoloxía de traballo por proxectos tratando de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador e partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

Dende a perspectiva didáctica, o proxecto articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.

## 3.- OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPOSTA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS

*3.1FORMULACIÓN DOS PROCESOS DE MELLORA DO ENSINO E DA APRENDIZAXE*

- Fortalecemento da maridaxe GALEGO-TIC no centro
- Emprego do galego tanto oral coma escrito no desenvolvemento das ensinanzas a través das TIC
- dinamización do emprego na aula do galego de xeito continuado creando O TEMPO DE LER EN GALEGO, TEMPO DE ESCRIBIR EN GALEGO, TEMPO DE MÚSICA EN GALEGO,...para facer visible a lingua galega.
- creación do material de aula para as aprendizaxes en galego tanto en soporte papel como soporte TIC
- deseño de estratexias motivacionais para que as familias gusten empregar o galego
- emprego do patrimonio cultural, natural, etnográfico como eixo vertebrador do uso do galego

*3.2.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN A CURTO PARZO QUE SE PRENTENDEN ACADAR:*

- Rachar coa inercia do non uso do galego como linguaxe de expresión e comunicación
- Desenvolver unhaactitude positiva no alumnado de cara aogalego.
- Identificar o galego como unhalingua moderna plenamente axeitada para o manexo das novas tecnologías.
- Relacionar o galego con diferentes manifestaciónsculturais e recursos etnográficos (música, pintura, teatro)
- Establecer no alumnado, familias e cidadanía lazos afectivos de cara aogalego.
- Descubrir as posibilidades das TIC como potente fonte de información
- Empregar a biblioteca escolar como laboratorio de creación e de coñecemento
- Mellorar as competencias lingüísticas,sobre todo a nivel oral
- Visibilizar as posibilidades do galego na vida social, na vida cotiá,, na vida pública, na vida escolar

3.3OBXECTIVOS A LONGO PLAZO

- Vencer os prexuízos da comunidade escolar, cara o uso do galego como lingua de comunicación
- Conseguir unha valoración positiva cara a comunicación en galego
- Sensibilizar ás familias das ventaxas don ensino en galego
- Coñecer e poñer en valor os recursos do Concello
- Relacionarse coasTIC en galego

## 4.-DESENVOLVEMENTO E INTEGRACIÓN CURRICULAR DO PROXECTO DE INNOVACIÓN

O proxecto“***A AUGA NA CONTORNA DA EUROCIDADE TUI-VALENÇA, UN TESOURO POR DESCUBRIR EN GALEGO”***concebido como **PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO(PDI),https://sites.google.com/site/aaugaentui/home**, estará subido a **google SITES** para ofrecelo a múltiples usuarios e destinatarios virtuais amáis de ofrecer as familias recursos diversos en rede e, destexeito, será un proxectosempre vivo.
Desenvolverase a través de diferentes UDIS (onde está a auga no meucorpo?, onde están os nososmuiños?, cando imosásfontes?, para que serven os lavadoiros?,…) integra os diferentes elementos curriculares: obxectivos, contidos, CCCC, criterios de avaliación, **os estándares e resultados de aprendizaxeavaliables e metodoloxía didáctica.**

Este centro de interese imbrícasena LOMCE 8/2013 e no Decreto 330/2009 de E. Infantil. En concreto, coa área de IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL e co bloque 4: O coidado persoal e a saúde que inclúe unha serie de contidos que favorecerán que os nenos e nenas vaian adquirindo, na medida das súas posibilidades, a autonomía necesaria en actividades cotiás para atender a súa saúde. Outra área da que precisamos debullar contidos é a de COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO, Bloque 1.

Medio físico: elementos, relacións e medida en canto se precisarán nocións de cuantificación , de medidas, de tamaños,…Bloque 3. Cultura e vida en sociedade para que o alumnado descobra e comprenda progresivamente a importancia da auga na vida,… Por outra parte, para complementar a perspectiva globalizadora na etapa de E. Infantil precísase botar man dos instrumentos da ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN a través dos bloques de contidos Linguaxe verbal/ Linguaxe artística: plástica,musical e corporal/ linguaxe audiovisual para poder comunicarse nenas e nenos coa contorna social e natural na que están insertas expresando os sentimentos e tamén para comprender as representacións da realidade que fan os seres humanos. Do mesmo xeito promóvese a consecución dos obxectivos e dos principios e fins da educación establecidos na LOMCE 8/2013 e o desenvolvemento da concreción curricular e a proposta pedagóxica do centro. Ao mesmo tempo, permite a consecución do establecido no PE, PXA, Plan Tic, Plan De Convivencia, Plan Lector e a Igualdade entre ámbolos dous sexos.

COMPETENCIAS CLAVE

Esta unidade ou proposta didáctica contribúe ao desenvolvemento de competencias básicas como elemento prescriptivo do currículo como se reflicte no Título III, art. 6 da LOMCE 8/2013 obriga a reformular a práctica educativa. O seu desenvolvemento debe iniciarse desde o comenzo da escolarización para que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Serán o referente para a práctica educativa e o paradigma educacional debe ser o de aprender a aprender e aprender facendo.



1.º Comunicación lingüística (CCL).
2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3.º Competencia dixital (CD).
4.º Aprender a aprender (CAA).
5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

ESTE PROXECTO foi consensuado co claustro, Anpa, CONCELLO DE TUI, COMUNIDADES DE MONTES, ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS (AREAS, SEIXOS ALBOS), CASAS CULTURAIS (PARAMOS), CÁMARA DE VALENÇA,… e pretende ser o instrumento práctico que desenvolva a PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO e COMUNIDADE SOCIAL- MUNICIPAL-FRONTEIRIZA para que a lingua galega sexa un elemento básico e o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas. As portas das aulas SE ABREN PARA QUE AS XANELAS DO CORAZÓN DE CADA CIDADÁN DE TUI e de VALENÇA ACOLLAN E ARROLEN A LINGUA GALEGA RACHANDO COAS BARREIRAS DO GALEGO para que a lingua sexa un instrumento de comunicación e de relación e que forme parte non sólo da vida do centro senón tamén da vida do concello pois a maioría das actuacións teñen como destinatarios a CIDADANÍA DO CONCELLO DE TUI que serán ao mesmo tempo dinamizadores e creadores de

actuacións promotoras do galego.

Ademáis promove o achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias, dinamizar o emprego do galego no municipio para acadar unha revalorización social a través das tecnoloxías da información e da comunicación. A identidade cultural debe representar un valor fundamental de cohesión na comunidade e tamén potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida educativa, cultural, informativa do centro tal como se establece no Decreto 79/2010 do 20 de maio.
Tamén se pretende que o alumnado, a Comunidade educativa e municipal acaden un dominio e uso similar das dúas linguas da Comunidade Autónoma.

Será, polo tanto, UN **PROXECTO ABERTO, MULTIDISCIPLINAR E MULTICONTEXTUAL** de **EUROCIDADE** pois só deste xeito o galego formará parte das vidas das persoas con implicación e compromiso. Non só se pretende o fomento ce emprego sistemático do galego no contexto escolar senón que o galego forme parte da vida da cidadanía do concello polo que se deseñarán actuacións no contorno municipal.
Para concluir dicir que os recurso etnográficos relacionados coa AUGA serán rescatados para VIVILOS, DISFRUTALOS, RESPECTALOS**,...**

## 4.- ACTIVIDADES

**Escolma de actividades co título, descrición, obxectivos, metodoloxía, xestión e temporalizaxción no apartado 4.1**

Merece a pena reseñar a sección **TIC-EANDO COA AUGA**onde se enxerga **auga e tic** dun xeito excepcional **https://sites.google.com/site/aaugaentui/home**,
Este tipo de traballosartellanse na colaboración entre os equipos de Normalización, Bibliotecae Tics.
No proxecto lector do centro ,a educación documental vaiadquirindo grados de dificultade a medida que os cursosavanzan.Oobxectivo que se persegue é educar ao alumnado para quesexa competente en aprender a aprender,conautonomía,concoñecemento das fontes deinformación e coa disciplina suficiente para buscar solucións a propostas adaptadas ás súas idades.
As ferramentas como:,miniquest e cazas do tesouro, YOUTUBE, SITES, ACTIVIDADES LIM, JCLIC, APLICACIÓNS COMO WORDMOSAIC, THINGLINK, SOUNDCLOUD, NOTGRAPHY, LENSOOCREATE, BAMBOOPAPER, AUTORAP, NODEBEAT HD cumpren estes obxectivos e contribúen á mellora da competencia dixital.Nestes momentos estamos a desenvolver un GT coordinado e dirixido polo CEFORE de Vigo para formarnos na temática. Desde o noso equipoproporciónanse os materiaisda rede que fan posibles estas actividades.A temática combinará as posibilidades da busca de información na rede , interese para oalumnado e respostaaosobxectivos do currículo.

Outro ámbito a destacar é a posibilidade de que se coñeza A AUGA a través da sección **COÑECEMOS A AUGA COA VOZ DOUTRAS ESCOLAS, NA CONTORNA DOUTROS CENTROS** (CEIP SERÁNS DE PORTO DO SON, ESCOLAS AGRUPADAS MURALHAS DO MINHO VALENÇA, CEIP DE REBORDÁNS
Baixo este título inclúese o intercambio con outro centro de ensino,Propoñémonos facilitar o intercambios de experiencias con outros rapaces e rapazas da súaidade que viven en contornos galegófonos, ademais da visita VIRTUAL aocentro e aoconcello.
A nosa intención é axudarlles a vencer os prexuízos cara o uso do galego (non só é cousa de mestres,vellos e institucións..senóntamén de rapaces coma min). Ao longo do curso programaremos o intercambio de diferentes mensaxes a través da rede(saúdos,felicitacións....) ,tanto a nivel escrito coma oral (con gravacións de imaxes e voces e elaboración de presentacións).Preténde o descubrimento da fala galega en alumnado afastadoxeográficamente no que se apreciarán similitudes e diferenzas per semprecogalego como lingua vehicular.

As Actividades teñen uns**EIXOS VERTEBRADORES**que empregarán diversos textos e soportes (impreso, dixital,audiovisual,..). Os eixos vertebradores xiran en torno a:

-ORBALLO MATEMÁTICO: onde se deseñaraán actividades para desenvolver contidos matemáticos dende a temática da auga.
-PINGUEIRAS PARA APRENDER: as actividades xiran en torno aodesenvolvemento de procesos cognitivos como clasificar, comparar, ler, escribir, comparar, percibir e discriminar,…
-PINGAS DE ARTE: asmostras pictóricas de SOROLLA, X. L. DE DIOS, MASIDE, COLMEIRO, DALÍ,…poránao alumnado na presencia da arte e visibilizarán que a augatamén está na pintura. Realizaransequebracabezas, comparacións, búsqueda de pezas intrusas, poremos títulos,….
-PINGAS POÉTICAS: as poesías de Rosalía, Machado, ….farán posible que a familia semántica de AUGA estea presente e amáis contaremos versos, inventaremos versos novos, outros títulos, localizaremos primeiras e derradeiras palabras, verbas curtas e longas,…
-MUSIQUEANDO NA AUGA: a música será outro fío motivador para descubrir a augaatravés de instrumentos musicais coma o PAU DE CHOIVA ou creadores coma TREIXADURA, UXÍA, ROMANÍ, SMATANA, STRAUSS, VIVALDI,… De igual maneira facilitará bandas sonoras para as creación audiovisuais.
-SARAIBA DE LECTURA: escolma de libros relacionados coa auga e coas súasguías de lectura.
-CHAPOTEANDO COPLAS: recompilación de coplas relacionadas coa auga na que traballaremos aspectos de expresión escrita e oral.
-PINGAS AUDIOVISUAIS: escolma de documentaisou producción audiovisuais para integrar música, facer subtítulos, crear historias,…
-RESÍO DE CINE: identificación, reflexión e comparación dos diferentes estados da auga no cine (FROZEN, KIRIKÚ,…) a apartir de CLIPS.
-ORBALLADA DE DEBUXOS: o alumnado creará produccións plásticas tendo como temática a augaou ben realizando interpretaciónslibres de mosttas pictóricas ou contornas de auga.
-ORBALLADA DE PINGAS: actividades que integran matemáticas e linguaxes.

-TIC-EANDO COA AUGA: realizaranseprodución de audiovisuais con subtitulos en galego, dobraxe, deseñaranse actividades para EDIS, actividades con LIM, JCLIC ou coas aplicación para IPAD, tablet,…realizaremos webquest,.. A produción de películas en formato MIXCRAFT, VEGAS MOVIE SONY, MovieMakerouPower Director constitúenunha potenteferramenta de apoio á expresión oral aotraballar sobre gravacións de voces.A entoación,avocalización,ovolume,oritmo..sonalgúns dos contidos que se desenvolven nestasproducións. Coas TIC tamén crearemos WEBQUEST e MINIQUEST, buscas do tesouro.

Os fins que podemos perseguir con este tipo de actividades,van desde recompilación demateriais para unha investigación ,a actividades de animación á lectura ou a presentación detraballos elaborados.

Preséntanse como un novoxeito de expoñertraballos, que contribuirá a competencia dixital ede aprender a aprender do noso alumnado.Utilizaremos este tipo de presentacións cando xuntemos a información sobre un tema equeiramosexpoñelaao grupo oupublicala na web.Algunhas das producidas ata o momentoatópanse en audioblio,así como no canal youtube do colexio

Outraferramenta TIC que terámoitaapliaciónnoo centro serán OS BLOGS-SITES para aprender a buscar información, exportraballos,…

blogbiblioteca: http://bibliotecamestraclaratorres.blogspot.com.es/

blog tic:

blog orientación: http://orientacioncramestraclaratorres.blogspot.com.es/2013_12_01_archive.html

site do proxecto: https://sites.google.com/site/aaugaentui/

web centro: http://www.edu.xunta.es/centros/cramestraclara/

-VEN LAVAR CON NÓS: Descubriremos como se lava nos nososlavadoiros pondo a funcionar un lavadoiro por parroquia no mesmo día.

-IMOS Á FONTE: visitaremos fontes das parroquias e contarannos historias

-ACOMPÁÑANOS NAS ANDAINAS E ROTEIROS: deseñaremosroteiro e andainas de auga

-IMOS DE MUIÑADA!Na primavera descubriremos os muiños, as muiñadas e as muiñeirasoumuiñeiros.

-DESCUBRIMOS AUGA COA VOZ DAS OUTRAS ESCOLAS: iremos facendo una escolama de aportacións que chegan de lonxeou da outra banda do río Miño.

**4.1.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN** (actuacións estructuradas temporalmente proposta metodolóxica, orzamento). Os responsables serán: as mestras integrantes do proxecto, traballo cooperativo entre 4 equipos do centro: bibliotecas, orientación, dinamización lingua galega e tic. De igual maneira os docentes e alumnado dos outros centros, familias e cidadanía. Equipo multidisciplinar de Eurocidade.

| TÍTULO E DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES | Obxectivo | XESTIÓN-TEMPORALIZACIÓN | PROPOSTA METODOLÓXICA |
|---|---|---|---|
| Edición de RECURSOS DE AUGA tanto en formato impreso | -promover o uso xeralizado do galego no desenvolvemento | Todo o curso | Globalización Actividade |

| | | | |
|---|---|---|---|
| como dixital on line: QUEBRACABEZAS, DOCUMENTAIS, GUIAS DE LECTURA, ADIVIÑAS, COPLAS,... | curricular<br>-dinamizar as interaccións para coñecer realidades diferentes pero na lingua galega<br>-significar a lingua galega en contornos lusos<br>-incrementar nun 50% o material deseñado e implementado en galego<br>-identificar o galego nos textos e comparalo co castelán ou inglés<br>-empregar o galego nas producións<br>-promover o gusto polo galego oral e escrito<br>-dinamizar o emprego das TIC para o uso oral e escrito do galego nas aulas como ferramenta dinámica, atractiva e motivadora | | Aprendizaxe situado<br>Grupos de traballo colaborativos-cooperativos<br>Comunidades de aprendizaxe |
| Creación de recursos de música para que o alumnado descubra a auga a través das composicións musicais ao longo da historia (SMETANA, VIVALDI, STRAUSS, DEBUSSY, TREIXADURA, UXÍA SENLLE, ROMANÍ,...) e a través de instrumentos coma O PAU DE CHOIVA: **musiqueando na auga** | -promover o uso xeralizado do galego no desenvolvemento curricular<br>incrementar nun 50% o material deseñado e implementado en galego<br>-identificar o galego nos textos e comparalo co castelán ou inglés<br>-empregar o galego nas producións<br>-promover o gusto polo galego oral e escrito | Todo o curso | Globalización<br>Actividade<br>Aprendizaxe situado<br>Grupos de traballo colaborativos-cooperativos<br>Comunidades de aprendizaxe |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | -dinamizar o emprego das TIC para o uso oral e escrito do galego nas aulas como ferramenta dinámica, atractiva e motivadora | | |
| Elaboración mapa de tui para integrar nel os recursos patrimoniais cuns banderíns rotulados cos nomes de fontes de cor verde, lavadoiros de cor azul, muíños de cor vermella. | incrementar nun 50% o material deseñado e implementado en galego<br>-empregar o galego nas producións<br>-empregar o galego nas producións<br>-promover o gusto polo galego oral e escrito | 2º-3º trimestre | Globalización<br>Actividade<br>Aprendizaxe situado<br>Grupos de traballo colaborativos-cooperativos<br>Comunidades de aprendizaxe |
| Búsqueda etimolóxica do nome dos recursos etnográficos. | -empregar o galego nas producións<br>-promover o gusto polo galego oral e escrito | 2º-3º trimestre | Globalización<br>Actividade<br>Aprendizaxe situado<br>Grupos de traballo colaborativos-cooperativos<br>Comunidades de aprendizaxe |
| Deseño e creación de recursos empregando a pintura**: pingas de arte** | incrementar nun 50% o material deseñado e implementado en galego<br>-empregar o galego nas producións<br>-dinamizar o emprego das TIC para o uso oral e escrito do galego nas aulas como ferramenta dinámica, atractiva e | 2º-3º trimestre | Globalización<br>Actividade<br>Aprendizaxe situado<br>Grupos de traballo colaborativos-cooperativos<br>Comunidades de aprendizaxe |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | motivadora | | |
